

BASES REGULADORES DO PROGRAMA OCIO POR NADAL CONCELLO DE VIVEIRO 2025

ARTIGO 1. Obxecto e ámbito de aplicación

As presentes bases teñen como obxecto establecer os criterios de selección para a participación no Programa de Ocio de Nadal do Concello de Viveiro.

O obxectivo é propoñer una alternativa de ocio, promovendo a práctica deportiva, o desenvolvemento dun programa de lecer saudable así como a convivencia e o respecto entre iguais.

No mesmo senso, trátase de favorecer a conciliación familiar durante as vacacións de nadal, ofrecendo un recurso axeitado ás familias que por motivos laborais atópanse con dificultades para compaxinar a vida profesional e a crianza dos nenos e nenas.

ARTIGO 2. Persoas destinatarias

As actividades van dirixidas aos nenos e nenas que se atopen cursando educación primaria no curso 2025-2026.

ARTIGO 3. Lugar e período de realización

As actividades desenvolveranse os días 22,23,24 e 26 de decembro en horario de 10,00 h. a 13,30 h. no pavillón Antonio Tarrío.

ARTIGO 4. Numero de prazas ofertadas

Ofértanse 60 prazas para nenos e nenas de primaria con capacidade de integración no grupo e autonomía personal para participar nas actividades.

ARTIGO 5. Prazo de solicitude

A presentación de solicitudes realizarase dende o 9 ao 12 de decembro 2025, permanecendo aberto de non completarse as prazas dispoñibles.

As solicitudes deberán ser asinadas polo pai, nai ou titor legal do menor e presentaranse preferiblemente por vía electrónica, no Rexistro Xeral do Concello ou polos medios establecidos no artigos 14.1 e 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



ARTIGO 6. Requisitos de participación

- a. Estar cursando educación primaria no curso 2025/2026
- b. Estar empadroad/a no Concello de Viveiro na data de aprobación das bases

ARTIGO 7. Solicitude e documentación a presentar

- Instancia de solicitude cuberta e asinada pola persoa proxenitora/titora legal.
- Volante de empadramento, só no caso de non autorizar a consulta do mesmo.
- DNI da persoa proxenitora/titora legal
- Tarxeta sanitaria do neno/a solicitante

ARTIGO 8. Criterios de selección

De existir máis solicitudes que prazas realizarse un sorteo entre todos os participantes do que resultarán os/as 60 seleccionados/as e a lista de agarda correspondente.

ARTIGO 9. Listado de persoas aspirantes admitidas e excluídas

- a) Comprobado o cumprimento dos requisitos das persoas solicitantes, elaborárase unha lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, indicando o motivo da exclusión, que será publicada no taboleiro dixital, dende a que empezará un prazo de 2 días hábiles para a subsanación, no seu caso, do motivo de exclusión.
- b) Finalizado o prazo de subsanación de solicitudes elaborárase a lista cos participantes que se incluírán no sorteo, de ser preciso, e do que resultará a lista definitiva de admitidos/as e de agarda.
- c) O resultado do sorteo, de ser preciso, farase público no taboleiro dixital municipal, así como na páxina web.

Alcaldesa de Viveiro
María Carmen Gueimunde González

Documento asinado dixitalmente ao marxe

